



MANIFESTO POLA IGUALDADE E POLA ERRADICACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO NO DEPORTE

A pluralidade e a diversidade son elementos enriquecedores da sociedade que tamén constitúen oportunidades para favorecer un óptimo crecemento e desenvolvemento, tanto da propia sociedade, como de cada unha das persoas que a conforman.

O artigo 9.2 da Constitución do 1978 menciona que “corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social”.

A sociedade e, en definitiva, o mundo son heteroxéneos, e así deben ser tamén todas as iniciativas para favorecer o recoñecemento dos dereitos e deberes de todos os colectivos sociais, entre estes os que conforman o ámbito do deporte.

Neste ámbito, a Lei 3/2012, do 2 de abril do deporte de Galicia establece o dereito de toda a ciudadanía a coñecer e a practicar deporte de forma libre, voluntaria e democrática, en termos de igualdade e sen discriminación ningunha (artigo 3 letra a), así como a integración, no exercicio das competencias atribuídas á Administración autonómica, da dimensión da igualdade de oportunidades entre as mulleres e os homes, evitándose calquera elemento de discriminación directa ou indirecta (art. 5.3).

O deporte, en definitiva, desempeña un papel fundamental no desenvolvemento da sociedade e grazas ao seu potencial educativo, é necesario aproveitar e orientar esta influencia cara á consecución da tolerancia, da igualdade e da non violencia como valores que marquen o camiño a seguir, tanto na sociedade en xeral como no mundo do deporte en particular.

A actividade deportiva practicada de forma xusta e equitativa enriquece a sociedade, ofrece a oportunidade a quen a practica de coñecerse mellor, de expresarse, de conseguir éxitos persoais, de adquirir habilidades e de demostrar as súas capacidades.

A actividade física e o deporte, contribúen, por tanto, ao desenvolvemento individual e da comunidade, fomentando a participación, a integración e a responsabilidade na sociedade.

Por todo isto, manifestamos que resulta necesario:



1. En termos xerais, para todos os entes que conforman o sistema deportivo de Galicia:

- Afrontar e fomentar a diversidade social existente ofrecendo actuacións capaces de promover a integración e a igualdade, mellorando a convivencia entre os diferentes sectores e tamén dentro de cada un deles.
- Proporcionar unha base sólida de información, reflexión e orientación sobre xénero e igualdade nos diferentes colectivos do ámbito deportivo, centrada na orixe, influencia e consecuencias do arraigo de estereotipos de xénero.
- Incluír nas políticas de xestión da actividade física e o deporte o principio democrático de igualdade de xénero, garantindo unha participación na que mulleres e homes desempeñen as súas funcións e elixan os seus camiños libremente e en igualdade de condicións.
- Fomentar as relacións igualitarias dende un ambiente de colaboración e participación entre ambos sexos, promovendo, nunha convivencia plural, a concordancia de xénero, buscando a equidade e respectando as diferenzas.
- Incrementar e fomentar a concienciación e a sensibilización fronte á violencia de xénero, promovendo a aplicación de accións para previr a violencia contra as mulleres e o acoso sexual no ámbito deportivo.
- Fomentar a difusión das campañas e recursos existentes no ámbito da violencia de xénero. Promover o valor igualitario de todas as persoas, independentemente dos antecedentes sociais e sen distinción de sexo, orixe étnica, relixión e outras crenzas, orientación sexual e deterioro da capacidade funcional, así como promover a coeducación, a integración e a solidariedade con persoas débiles e vulnerables.
Difundir o emprego dunha linguaxe non sexista nin discriminatoria no seo das relacións e convivencia dentro dos distintos entes que conforman o tecido deportivo na nosa sociedade, evitando estereotipos sexistas e discriminatorios.
- Garantir o acceso en termos de igualdade e non discriminación aos colectivos directamente implicados na actividade física e o deporte, como adestradores/as, árbitros/as, xuíces/as, directivos/as, representantes federativos/as ou deportistas.
- Formar con perspectiva de xénero e en igualdade de oportunidades as persoas profesionais da actividade física e do deporte en todos os niveis educativos e profesionais co fin de promover a incorporación de rapazas e rapaces a todo tipo de actividade deportiva sen estereotipo de xénero.



2. No ámbito concreto do deporte base:

- Aumentar a autoestima dos nenos e das nenas, buscando actuacións de convivencia entre ambos os sexos, baseada sempre na igualdade e no recoñecemento e respecto mutuo.
- Substituír a violencia polo diálogo na resolución de conflitos entre nenos e nenas, establecendo accións formativas que integren o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e a prevención da violencia de xénero e do acoso sexual no ámbito deportivo.
- Promover a educación de nenos e nenas a través da práctica da actividade física e do deporte como base para acadar un desenvolvemento social baseado na igualdade, para o que se fomentará a práctica deportiva conxunta no deporte base.

3. En termos concretos, para o ámbito do deporte de alto rendemento:

- Garantir o principio de igualdade de oportunidades para permitir ás mulleres acadar o seu potencial de actuación deportiva, asegurándolle que todas as actividades e todos os programas encamiñados ao rendemento deportivo teñan en conta as súas necesidades específicas.
- Asegurar que as oportunidades de competir, os premios, o recoñecemento, o patrocinio, a promoción e as outras formas de apoio, sexan provistos xusta e equitativamente tanto ás mulleres como aos homes.
- Promover a repercusión social da alta competición deportiva feminina, xa que na actualidade, os fenómenos sociais de masas de afección deportiva están centrados no espectáculo deportivo masculino.

Con este manifesto preténdese dar a oportunidade a todas as persoas, organismos, institucións, centros escolares e entidades públicas e privadas, relacionadas directa ou indirectamente coa actividade física e o deporte, de poder unirse ao nel exposto, realizando cada un deles, dentro do seu ámbito de competencias, aquellas actuacións que consideren para a efectiva posta en práctica de todo o aquí manifestado.

A Secretaría Xeral para o Deporte e a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia, impulsan conxuntamente este manifesto en prol de alcanzar unha sociedade galega igualitaria a través da actividade física e o deporte.

Sen prexuízo de calquera outra actuación que considere oportuna para a consecución dos fins aquí descritos, a Secretaría Xeral para o Deporte



comprométese á realización de actividades concretas dirixidas á aplicación efectiva deste manifesto, como poden ser, entre outras posibles:

- a) No ámbito das axudas aos clubs deportivos e ás agrupacións deportivas escolares de Galicia, incluír as actuacións realizadas por estas entidades no ámbito deste manifesto, como criterio obxectivo de baremación na consecución de axudas e subvencións e nos termos que se determinen en cada convocatoria.
- b) No ámbito das axudas ás federacións deportivas de Galicia, solicitarllas a inclusión de actuacións concretas no ámbito deste manifesto como parte necesariamente integrante do proxecto deportivo anual de cada federación deportiva. Estas actuacións valoraranse na determinación da subvención anual a conceder

Pola súa banda, a Secretaría Xeral da Igualdade comprométese igualmente á realización de actividades concretas dirixidas á aplicación efectiva deste manifesto, como poden ser, entre outras:

- a) Apoiar ás entidades deportivas que o demanden no deseño e impartición de contidos formativos relacionados coa igualdade e coa prevención da violencia de xénero e do acoso sexual.
- b) Facilitar ás entidades deportivas material para que estas difundan o teléfono gratuito de información ás mulleres (900 400 273), así como calquera outro recurso existente a disposición das mulleres que sufren violencia de xénero, nos eventos deportivos través de carteis, camisetas, adhesivos etc.

José Ramón Lete Lasa



Secretario xeral para o Deporte

Susana López Abella



Secretaria xeral da Igualdade